



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

**Resolución do 26 de maio de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo. (Expediente IN407A 2021-17AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "REFORMA CT 13612 IGLESIA GÁNDARAS"
- Situación: concello de Lugo
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20210471 en data 18 de febreiro de 2021.
- Características técnicas principais:
  - Reforma do CT non Prefabricado (13612) Iglesia Gándaras, cunha potencia de 250kVA e relación de transformación 20.000/400-230V , consistente en:  
Instalación de dúas novas celas de liña de SF6, e unha protección de transformador.  
Instalación dun cadro de baixa tensión e ampliación.  
Instalación de novas pontes de MT e BT.  
Modificación do circuito de alumeadado, emerxencia e terras.
- Finalidade da instalación : Mellora de instalacións
- Orzamento: 34.554,59 €
- Documentación complementaria:
  - Separata para o Concello de Lugo

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, e tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

**Primeira:** As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

**Segunda:** O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira:** En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 26 de maio de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 1580

### *Anuncio*

#### **Resolución do 26 de maio de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Rábade. (Expediente IN407A 2021-18AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "REFORMA Y AUTOMATIZACIÓN CT 10276 IGLESIA - RÁBADE"
- Situación: concello de Rábade
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20210199 en data 27 de xaneiro de 2021.
- Características técnicas principais:
  - Reforma do CT non Prefabricado (10276) Iglesia, cunha potencia máxima admisible de 1.260 kVA e unha potencia instalada de 2x250 kVA e relación de transformación 20.000/400-230V , consistente en:  
Instalación de dúas novas celas de liña de SF6 telemandadas, e dúas de protección.  
Instalación de dous novos cadros de baixa tensión.  
Instalación de novas pontes de MT e BT.  
Modificación do circuito de alumeado, emerxencia e terras.  
Instalación dun novo transformador 1x400kVA
- Finalidade da instalación : Mellora de instalacións
- Orzamento: 48.091,35 €
- Documentación complementaria:
  - Separata para o Concello de Rábade

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

**Primeira:** As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

**Segunda:** O peticionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira:** En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 26 de maio de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 1581

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

#### Anuncio

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

SARRIA-O PÁRAMO.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME MEDIANTE REGOS ASFÁLTICOS CON GRAVILLA NA LU-P-5705 "MAZADORIO (LU-546) - ESCARLÁN - SAN MARTIÑO DA TORRE (LU-P-4302)", P.K. 4+700 A 16+611 (EX007OB21AB)

GTM: EXPTE 2021/CON\_02/000037

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 28 de maio de 2021.- O PRESIDENTE, JOSÉ TOMÉ ROCA, por decreto de data 26-07-2019.- O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1583

## CONCELLOS

### ALFOZ

#### Anuncio

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA**

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio de 2021 e comprensivo aquel do Orzamento Xeral deste Concello, Bases de Execución, Anexo de Persoal funcionario e laboral e Plantilla de Persoal, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

| ESTADO DE GASTOS                                |            |
|---|------------|
| <b>A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>            |            |
| <b>A.1. OPERACIÓNS CORRENTES</b>                |            |
| CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal                   | 592.248,27 |
| CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos | 925.058,02 |

|  |              |
|--|--------------|
| CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros                       | 0.00         |
| CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes                 | 132.422,18   |
| <b>A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>                    |              |
| CAPÍTULO 6: Investimentos Reais                      | 595.134,60   |
| CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital                | 0,00         |
| <b>B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>                     |              |
| CAPÍTULO 8: Activos Financeiros                      | 0            |
| CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros                      | 0            |
| <b>TOTAL:</b>  | 2.244.863,07 |
| <b>ESTADO DE INGRESOS</b>                            |              |
| <b>A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>                 |              |
| <b>A.1. OPERACIÓNS CORRENTES</b>                     |              |
| CAPÍTULO 1: Impostos Directos                        | 464.034,91   |
| CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos                      | 15.000,00    |
| CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos | 192.650,00   |
| CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes                 | 956.569,95   |
| CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais                    | 2885,87      |
| <b>A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>                    |              |
| CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais        | 3.000,00     |
| CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital                | 610.722,34   |
| <b>B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>                     |              |
| CAPÍTULO 8: Activos Financeiros                      | 0            |
| CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros                      | 0            |
| <b>TOTAL:</b>  | 2.244.863,07 |

**PLANTILLA DE PERSOAL****A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

| Denom. praza                       | Núm.prazas | Grupo | Sub-grupo | Nivel | Escala | Sobes-<br>cala | Clase | Retribu-<br>ciones | Gratifica<br>ciones | Situación                |
|------------------------------------|------------|-------|-----------|-------|--------|----------------|-------|--------------------|---------------------|--------------------------|
| Secretario/a-<br>Interventor/a     | 1          | A1/A2 |           | 28    | FHN    | SI             |       | 53.498,10          |                     | Ocupado                  |
| Técnico de<br>Xestión              | 2          | A2    |           | 22    | AX     | X              |       | 62.832,02          | 1221,41             | Ocupado/vacante          |
| Administrativo                     | 1          | C1    |           | 19    | AX     | ADM            |       | 21.733,54          |                     | Vacante                  |
| Auxiliar<br>administrativo         | 2          | C2    |           | 16    | AX     | AUX            |       | 37.134,92          |                     | Ocupado/vacante          |
| Porteiro-<br>operario              | 1          | AP    |           | 14    | AX     | SUB            |       | 0,00               |                     | No dotado                |
| Conserxe<br>colexio a<br>extinguir | 1          | AP    |           | 14    |        |                |       | 21.539,84          |                     | Ocupado( a<br>extinguir) |

|   |   |    |  |    |    |    |      |           |  |           |
|---|---|----|--|----|----|----|------|-----------|--|-----------|
| Xefe unidade<br>servizos<br>sociais             | 1 | A2 |  | 22 | AE | T  | M    | 32.069,66 |  | Ocupado   |
| Educador/a<br>familiar                          | 1 | A2 |  | 20 | AE | T  | M    | 27.951,10 |  | Vacante   |
| Técnico<br>Auxiliar<br>biblioteca (80% xornada) | 1 | C1 |  | 17 | AE | SE | CE   | 18.407,48 |  | Ocupado   |
| Arquitecto<br>técnico                           | 1 | A2 |  | 22 | AE | T  | M    | 27.965,50 |  | Vacante   |
| Oficial<br>servizos<br>múltiples<br>conductor   | 1 | C2 |  | 15 | AE | SE | PO/O | 0,00      |  | No dotado |

**B) PERSOAL LABORAL FIXO**

| Denom.praza  | Núm. prazas | Grupo | Sub-grupo | Nivel | Escala | Sobes-cala | Clase | Retribu-ciones | Gratifica-ciones | Situación             |
|--|-------------|-------|-----------|-------|--------|------------|-------|----------------|------------------|-----------------------|
| Auxiliar axuda no fogar                            | 4           | C2/AP |           | 14    | AE     | SE         | PO    | 63.508,48      |                  | Vacantes              |
| Oficial servizos múltiples maquinista conductor    | 1           | C2    |           | 15    | AE     | SE         | PO/O  | 17.973,94      |                  | Ocupado               |
| Operario servizos múltiples oficial 1º a extinguir | 1           |       |           | 18    |        |            |       | 21.293,86      |                  | Ocupado( a extinguir) |
| Operario Servizos múltiples conductor              | 1           | AP    |           | 13    | AE     | SE         | PO    | 16.131,08      |                  | Ocupado               |

**C) PERSOAL EVENTUAL**

| Denom.praza | Núm. prazas | Grupo | Sub-grupo | Nivel | Escala | Sobes-cala | Clase | Retribu-ciones | Indemniza-ciones | Gratifica-ciones |
|-------------|-------------|-------|-----------|-------|--------|------------|-------|----------------|------------------|------------------|
|-------------|-------------|-------|-----------|-------|--------|------------|-------|----------------|------------------|------------------|

| RESUMO                |  |  |  |  |  |  |  |  |           |  |
|-----------------------|--|--|--|--|--|--|--|--|-----------|--|
| Funcionarios          |  |  |  |  |  |  |  |  | 13        |  |
| Laboral Fixo          |  |  |  |  |  |  |  |  | 7         |  |
| Eventual              |  |  |  |  |  |  |  |  | 0         |  |
| <b>TOTAL PERSOAL:</b> |  |  |  |  |  |  |  |  | <b>20</b> |  |

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

En Alfoz, a 28 de xuño de 2021.- O Alcalde-Presidente, Jorge Val Díaz.

R. 1584

## BARALLA

### *Anuncio*

**O Pleno do Concello de Baralla, en sesión ordinaria, celebrada o día 27 de maio de 2021, prestou aprobación as seguintes Ordenanzas:**

**Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de Madeira nos montes e espazos forestais.**

Ordenanza reguladora do procedemento para a solicitude, expedición e uso da Tarxeta Cidadá.

Ordenanza reguladora do funcionamento interno dos servizos de piscinas municipais.

Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación dos servizos de piscinas municipais do Concello de Baralla.

Ordenanza reguladora do estacionamento e pernocta de autocaravanas no Concello de Baralla.

O que se somete ao trámite de información pública, durante o prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se insertará na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do concello. No devandito prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamación que estimen oportunas, que deberán dirixirse ao Sr. Alcalde-Presidente e se resolverán polo Pleno. No caso de non presentarse reclamación, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Baralla, 28 de maio de 2021.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 1585

### *Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía número 78 de 26 de maio de 2021, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2021:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, **no que se inclúe o canon da auga (1º trimestre do ano 2021).**
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de augas residuais e sumidoiros.

Expónse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto da aprobación dos padróns de: abastecemento de auga a domicilio, recollida de lixo e augas residuais e sumidoiros, poderá interporse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde-Presidente do Concello de Baralla.

Contra a Resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falta de pagamento do Canon da Auga, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende esta notificación.

Baralla 26 de maio de 2021.- O Alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 1586

**BECERREÁ***Anuncio***CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS CONDUTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA.**

**POSTO DE TRABAJO:** 2 condutores de vehículo motobomba no marco do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Becerreá para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba (Expediente nº 589/2021).

**DURACIÓN:** TRES MESES

**LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** No Rexistro Xeral de Becerreá, no prazo de CINCO (5) días hábiles seguintes, contados a partires do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. Se o último día de prazo coincide en sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

**REQUISITOS:** Posesión do permiso de conducir tipo C con dous anos de antigüidade como mínimo.

**SISTEMA DE SELECCIÓN:** Concurso-oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran publicadas na sede electrónica (<http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal>) do Concello de Becerreá.

Becerreá, 28 de maio de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1587

**LÁNCARA***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 27 de maio de 2021 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 6/2021, de concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito, financiados con cargo ó remanente líquido de tesourería, consonte ó disposto no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais por importe de 11.134,45 euros.

O expediente expoñense ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións (artigo 170 do TRLFL). O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Láncara, 28 de marzo de 2021.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1588

**LUGO***Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 19 de maio de 2021 adoptou o acordo número 13/302 de aprobación **das bases polas que se regula a concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo no Segundo Ciclo de Educación Infantil para o curso escolar 2019-2020**, o que se fai público a través do presente anuncio:

**PRIMEIRO.-** Convocatoria de subvencións dirixidas a familias con escasos recursos para a adquisición de material educativo no segundo ciclo de educación infantil para o curso 2021/2022 de conformidade co establecido nas presentes bases.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto inicial de **40.000 euros**, con cargo á **partida 32600.48100 do vixente orzamento municipal**.

**TERCEIRO.-** Esta convocatoria rexerese polo establecido nas seguintes **“BASES POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS FAMILIAS CON ESCASOS RECURSOS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL EDUCATIVO NO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA O CURSO ESCOLAR 2021-2022”**.

**1º.- Obxecto e finalidade da subvención.**

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo (fichas, estoxos, mochilas e material de papelería) para alumnado de segundo ciclo de educación infantil, matriculado en centros sostidos con fondos públicos do Concello de Lugo.

A normativa aplicable a estas subvencións axustarase ao disposto nas presentes Bases, na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo; á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; ao Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento

da Lei xeral de subvencións; no que proceda á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións; así como á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, á Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa xeral de aplicación.

#### **2º.- Contía que se vai subvencionar.**

O importe inicial destinado a estas axudas ascende a **40.000€**.

A contía individual das axudas será de **100€**, consistente nun vale desconto para trocar nas librerías do Concello de Lugo. A convocatoria financiarase con cargo á **partida 32600.48100** do vixente orzamento do Concello de Lugo.

A orde de preferencia para a adxudicación das axudas será: Aquelas alumnas e aqueles alumnos cuxa renda familiar anual non supere o **0,80 veces o IPREM**, establecéndose como único criterio de baremo a contía da renda de menor a maior

#### **3º.- Persoas beneficiarias.**

As axudas poderán ser solicitadas polas familias do alumnado que reúna os seguintes requisitos:

3.1. A/o solicitante deberá estar empadroada/o no concello de Lugo. Esta situación comprobarase automaticamente a través dos datos obrantes no padrón de habitantes desta Administración.

3.2. Ter presentada a solicitude de reserva de praza ou solicitude de admisión para un posto escolar nun centro sostido con fondos públicos no Concello de Lugo.

3.3. Non gozar doutras axudas, bolsas ou subvencións de igual ou semellante finalidade outorgada por organismos ou institucións públicas ou privadas, sendo polo tanto estas axudas incompatibles con calquera outra axuda.

3.4. A renda familiar para os efectos de bolsa obterase por agregación das rendas do último exercicio fiscal de cada un dos membros da unidade familiar por ingresos de calquera natureza. Os datos económicos para ter en conta nas rendas familiares para determinar os ingresos serán os calculados por agregación da base imponible xeral, coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para o cálculo da renda familiar para os efectos de bolsa, son membros computables na unidade familiar da ou do solicitante segundo o establecido pola lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio.

3.5. Serán concesións directas:

- As/os menores en réxime de acollemento e tutela.
- Calquera outra situación excepcional, acreditada por servizos sociais da xunta ou do concello, que impida a valoración da renda.

#### **4º.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.**

1.- As solicitudes das persoas interesadas presentaranse preferiblemente, por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica do Concello de Lugo, <https://lugo.gal>. Opcionalmente, poderán ser presentadas solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación dun extracto destas no BDNS, no Boletín Oficial da Provincia e da súa inserción no Taboleiro de Anuncios do Concello ([lugo.gal/portal/tablonanuncios](https://lugo.gal/portal/tablonanuncios)), acompañada dos documentos e informacións que procedan.

2.- A persoa interesada deberá presentar no prazo e a través de calquera dos medios establecidos no parágrafo anterior, a seguinte documentación :

- a) Solicitude en modelo específico subscrita pola persoa interesada.
- b) Fotocopia do DNI dos dous proxenitores, ou persoas que representen legalmente á nena ou neno.
- c) Fotocopia do libro de familia ou, de ser o caso, da resolución xudicial ou administrativa pola que se lle confía a garda e protección do/s menor/es da persoa solicitante.
- d) ANEXO I:

Autorización asinada pola/o solicitante e pola/o cónxuxe para que o Concello de Lugo obteña os seguintes datos:

- Os datos fiscais da certificación do último exercicio fiscal á Axencia Tributaria.
- Informe de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.



- Declaración responsable de non ter solicitado nin recibidas subvencións ou axudas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais, ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

- Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario/a da subvención conforme o establecido no artigo 13.7 da Lei 38/2003.

- Declaración de non ter solicitada ou recibida axudas doutras administracións públicas para a mesma finalidade e beneficiarios/as.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán achegar os correspondentes documentos acreditativos.

e) Documentación acreditativa daquelas persoas en situación de divorcio, separación ou nulidade matrimonial (sentencia xudicial).

f) Certificación ou certificacións do centro onde as e os alumnos realicen os estudos e na que se xustifique o curso no que están matriculadas e matriculados. Tal certificación aportarase por aqueles solicitantes aos que lles sexa concedida axuda dentro do período establecido para a entrega de vales.

- Comprobarase automaticamente a circunstancia de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias municipais.

#### **5º.- Procedemento.**

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal de Subvencións coas seguintes precisións:

1. Presentadas as solicitudes en calquera dos lugares establecidos legalmente, remitiránse ao Servizo de Educación, que procederá en función do obxecto e finalidade da subvención solicitada.

2. O órgano instrutor será un/unha técnico/a competente do Servizo de Educación, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da Ordenanza municipal de subvencións.

3. A Comisión de Valoración constituída para o efecto terá a seguinte composición:

- Presidenta/e: Xefe/a Servizo Educación Concello de Lugo

Suplente: Directora Escola Infantil Gregorio Sanz.

- Vogal: Pedagoga Servizo Educación Concello de Lugo

Suplente: Directora Escola Infantil Serra de Outes

- Secretaria/o: Vicesecretaria do Concello de Lugo

Suplente: Xefe/a Servizo Cultura Concello de Lugo

4. Unha vez recibidas as solicitudes publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo ([lugo.gal/portal/tablonanuncios](http://lugo.gal/portal/tablonanuncios)) una listaxe motivada de admitidos e excluídos no procedemento e abrirase un prazo de 10 días hábiles para a subsanación por parte das/os solicitantes dos erros ou da documentación xustificativa non aportada. Incluída esta documentación publicarase polo mesmo medio unha listaxe definitiva de admitidos e excluídos do procedemento.

5. Valoradas as solicitudes recibidas procederase á publicación das listaxes provisionais no taboleiro de anuncios do Concello, cun prazo de 10 días hábiles no que as persoas interesadas poderán realizar as alegacións que consideren oportunas. Resoltas as reclamacións procederase á publicación, polos mesmos medios, da listaxe definitiva das solicitudes subvencionadas así como daquelas outras non subvencionadas xuntamente coa causa da súa desestimación.

6. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BDNS e no Boletín Oficial da Provincia. Transcorrido dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada.

#### **6º.- Criterios de valoración.**

O único criterio de valoración será a contía da renda neta anual familiar referida ao IPREM, (ver punto 3.2).

#### **7º.- Xustificación do gasto.**

Na resolución de concesión da subvención, estableceranse as datas de entrega dos vales, así como o período para empregalos por parte das/ beneficiarias/os e os prazos para que as librarías presenten as facturas.

O Servizo de Educación presentará unha Memoria explicativa da realización da totalidade do proxecto ou actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expresa mención dos resultados obtidos e coas indicacións, contidos e documentos que se determinen nos acordos reguladores da convocatoria ou na concesión da subvención.

As **librerías** onde se merque o material escolar presentarán por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica do Concello de Lugo, <https://lugo.gal>. a seguinte documentación:

- Copia da factura detallando o material ou libros mercados, con indicación do curso ao que fai referencia, así como o nome e os datos da persoa beneficiaria. No caso que a persoa beneficiaria teña concedida máis dunha axuda poderase presentar factura única.
- Copia dos vales emitidos pola Concellería de Educación, indicando o nome, apelidos, firma e DNI da persoa solicitante. Os orixinais dos vales facturados deberán ser custodiados durante **un ano**, pois poden ser requiridos polo Concello ás librerías ao logo da tramitación deste procedemento.

En ningún caso as librerías cobrarán aos beneficiarios o valor do vale.

O Concello non admitirá xustificación das librerías onde figure unicamente o aboamento dos 100€ aos beneficiarios, nin facturas que non especifiquen os conceptos facturados.

No caso de non presentar a xustificación dentro dos prazos determinados incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que comportará a perda do dereito de cobro da subvención.

Non se realizarán pagamentos a conta nin anticipados.

#### **8º.- Revogación**

A adxudicación das axudas será revogada totalmente no caso de que se comprobase que na súa concesión concorreu ocultación ou falsidade de datos, ou que existan incompatibilidades con outros beneficiarios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

**CUARTO.-** Que se proceda á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no BDNS, e con indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñerse os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da publicación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdicción de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.
- Maila o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas)

Lugo, 28 de maio de 2021.- O CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO, Felipe Rivas Jorge.

|  |                   |
|--|-------------------|
|  <b>Concello de Lugo</b>                              | <b>MODELO 352</b> |
| <b>SOLICITUDE: SUBVENCÍONS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL EDUCATIVO NO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL CURSO ESCOLAR 2021-2022</b> |                   |

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

|                     |                     |            |
|---------------------|---------------------|------------|
| 1º Apelido:         | 2º Apelido:         | Nome:      |
| D.I. (dni, nie...): | Enderezo:           |            |
| Código Postal:      | Concello:           | Provincia: |
| Teléfono:           | Correo electrónico: |            |

**DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (de ser o caso)**

|  |                     |      |
|--|---------------------|------|
| 1º Apelido                               | 2º Apelido          | Nome |
| D.I. (dni, nie...):                      | Correo electrónico: |      |
| Documento que acredita a representación: |                     |      |

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (cubrir só se é diferente da anterior)**

|   |                |
|---|----------------|
| Enderezo:   | Código Postal: |
| Concello:   | Provincia:     |
| Correo electrónico (só se desexa comunicación electrónica): |                |

**DATOS DAS/OS NENAS/OS PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA**

| Nome e Apelidos | Data Nacemento | Curso/Nivel | Nome do Colexio |
|-----------------|----------------|-------------|-----------------|
|                 |                |             |                 |
|                 |                |             |                 |
|                 |                |             |                 |

**DATOS DAS OUTRAS PERSOAS QUE FORMAN PARTE DA UNIDADE FAMILIAR**

| Nome e Apelidos | Parentesco | Data Nacemento |
|-----------------|------------|----------------|
|                 |            |                |
|                 |            |                |
|                 |            |                |

**Número TOTAL** de persoas que forman a unidade familiar:

Lugo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asdo.: \_\_\_\_\_

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da Área tramitadora do procedemento instado aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

**INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** [www.lugo.gal/portal/titularidade](http://www.lugo.gal/portal/titularidade)

## ANEXO I

AUTORIZACIÓNS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES (cubrir os datos e marcar cunha X para autorizar a petición de datos directamente polo Concello de Lugo e declarar o cumprimento das bases

|   |           |           |
|---|-----------|-----------|
| D.ª/D. ( <b>Proxenitor/a</b> ou persoa que exerce a titoría ou representación legal ) |           | DNI/NIE:  |
| Enderezo Notificación:  |           | Teléfono: |
| Data:   | Sinatura: |           |

Autorizo ao Concello de Lugo a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos fiscais requiridos na "Solicitud de subvencións para as familias con escasos recursos para a adquisición de material educativo no Segundo Ciclo de Educación Infantil para o curso escolar 2021/2022". Esta autorización outógase exclusivamente para os efectos de aplicación do baremo establecido para a adxudicación das axudas existentes nas bases mencionadas anteriormente e en aplicación do artigo 95.1k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

Autorizo ao Concello de Lugo a solicitar documentación acreditativa de estar ao corrente coas obrigas coa Seguridade Social.

Declaro non ter solicitados nin recibidos subvencións ou axudas doutras administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para a mesma finalidade e para os/as mesmos/as beneficiarios/as.

Declaro estar ao corrente das obrigas fiscais co Excmo. Concello de Lugo.

Declaro non estar incurso/o en prohibición para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención conforme ao establecido no artigo 13.7 da Lei 38/2003.

|  |           |           |
|--|-----------|-----------|
| D.ª/D. ( <b>Cónxuxe</b> ou persoa que exerce a titoría ou representación legal ) |           | DNI/NIE:  |
| Enderezo Notificación:   |           | Teléfono: |
| Data:  | Sinatura: |           |

Autorizo ao Concello de Lugo a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos fiscais requiridos na "Solicitud de subvencións para as familias con escasos recursos para a adquisición de material educativo no Segundo Ciclo de Educación Infantil para o curso escolar 2021/2022". Esta autorización outógase exclusivamente para os efectos de aplicación do baremo establecido para a adxudicación das axudas existentes nas bases mencionadas anteriormente e en aplicación do artigo 95.1k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

Autorizo ao Concello de Lugo a solicitar documentación acreditativa de estar ao corrente coas obrigas coa Seguridade Social.

Declaro non ter solicitados nin recibidos subvencións ou axudas doutras administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para a mesma finalidade e para os/as mesmos/as beneficiarios/as.

Declaro estar ao corrente das obrigas fiscais co Excmo. Concello de Lugo.

Declaro non estar incurso/o en prohibición para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención conforme ao establecido no artigo 13.7 da Lei 38/2003.

Lugo, 28 de maio de 2021.- O CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO, Felipe Rivas Jorge.

R. 1589

## A PASTORIZA

### *Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local do Concello da Pastoriza, de 28 de maio de 2021, aprobáronse as bases específicas para a selección e posterior contratación de tres traballadores laborais temporais, para a execución do Servizo de Limpeza, Desbroce e Mantemento da Rede Viaria Municipal do Concello da Pastoriza, para os seguintes postos:

- 2 Peóns, para Servizo de Limpeza, Desbroce e Mantemento da Rede Viaria Municipal do Concello da Pastoriza.
- 1 Peón condutor, para Servizo de Limpeza, Desbroce e Mantemento da Rede Viaria Municipal do Concello da Pastoriza.

Prazo de presentación de solicitudes: cinco (5) días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A Pastoriza, 28 de maio de 2021.- P.D (Resolución de Alcaldía de 02 de xullo de 2019), A Tenente de alcalde, Elva Carrera González.

R. 1590

### *Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local do Concello da Pastoriza, de 28 de maio de 2021, aprobáronse as bases específicas para a selección e posterior contratación de un traballador laboral temporal, Peón de Servizos Múltiples.

Prazo de presentación de solicitudes: cinco (5) días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A Pastoriza, 28 de maio de 2021.- O Alcalde-Presidente, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 1591

## SARRIA

### *Anuncio*

Conforme ao artigo 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais publícase o decreto de alcaldía 2021-0354 de data 28 de maio de 2021:

“Expediente núm.: 826/2021

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Delegacións de Competencias

### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Tendo en conta razóns de carácter persoal.

De conformidade co establecido nos artigos 9.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e 43 a 47, 114 a 118, 120 e 121 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Delegar na primeira Tenente de Alcalde don Reyes Abella García o exercicio de todas as funcións atribuídas a esta Alcaldía, do día 28 de maio ao 12 de xuño de 2021.

**SEGUNDO.** Comunicar a presente resolución ao delegada.

**TERCEIRO.** Publicar a presente resolución en o *Boletín Oficial da Provincia*.

**CUARTO.** Dar conta ao Pleno da Corporación, na primeira sesión que este celebre, do contido da delegación

**QUINTO.** Aplicar, respecto de todo o non previsto expresamente na presente resolución, as regras que para a delegación de competencias do Alcalde prevense na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas”.

Sarria 28 de maio de 2021.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 1592

### *Anuncio*

Aprobados inicialmente os expedientes de modificación de créditos, crédito extraordinario CE 1/2021 Residencia e de suplemento de crédito SC1/2021 Residencia e SC 2/2021 Residencia da Residencia de Anciáns “Nuestra Sra. Del Carmen” e os expedientes de crédito extraordinario CE 2/2021 e CE 3/2021 e suplemento de crédito SC 1/2021, SC 2/2021 e SC 3/2021 do Concello de Sarria, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 28 de maio de 2021, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente expone ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

Os expedientes de modificación de créditos quedarán definitivamente aprobados se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

Os expedientes de modificación de créditos definitivamente aprobados publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor coa súa publicación.

Sarria, 30 de maio de 2021.- O Alcalde, Claudio M Garrido Martínez.

R. 1593

## TABOADA

### *Anuncio*

#### **BANDO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

#### **BANDO**

#### **ASUNTO: ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO.**

**Don Ramiro Moure Ansoar, alcalde-presidente do Concello de Taboada, fai saber:**

Que corresponde ao Pleno do concello elixir as persoas que serán nomeadas xuíz de paz, titular e substituto, deste municipio, conforme ao disposto nos artigos 101 e 102 da Lei orgánica do poder xudicial e nos artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.

Que se abre un prazo de quince días hábiles para que as persoas que estean interesadas e reúnan as condicións legais o soliciten mediante un escrito dirixido a esta Alcaldía.

As solicitudes deberán conter:

- Certificado de nacemento ou fotocopia compulsada do DNI.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e Declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2.1 a) da lei 68/80, relativo a “ *se se atopa inculpado ou procesado*”.
- Xustificación de méritos que alegue o solicitante.

Que na Secretaría deste concello pode examinarse o expediente e demandar a información que se precise.

Que, no caso de non se presentar solicitudes, o Pleno do concello elixirá libremente e logo comunicarlle o acordo ao xulgado de primeira instancia do partido.

Publícase isto para coñecemento xeral.

Taboada, 28 de maio de 2021.- O alcalde-presidente, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1594

*Anuncio***BANDO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA****BANDO****ASUNTO: ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR.****Don Ramiro Moure Ansoar, alcalde-presidente do Concello de Taboada, fai saber:**

Que corresponde ao Pleno do concello elixir as persoas que serán nomeadas xuíz de paz, titular e substituto, deste municipio, conforme ao disposto nos artigos 101 e 102 da Lei orgánica do poder xudicial e nos artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.

Que se abre un prazo de quince días hábiles para que as persoas que estean interesadas e reúnan as condicións legais o soliciten mediante un escrito dirixido a esta Alcaldía.

As solicitudes deberán conter:

- Certificado de nacemento ou fotocopia compulsada do DNI.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e Declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2.1 a) da lei 68/80, relativo a " se se atopa inculcado ou procesado".
- Xustificación de méritos que alegue o solicitante.

Que na Secretaría deste concello pode examinarse o expediente e demandar a información que se precise.

Que, no caso de non se presentar solicitudes, o Pleno do concello elixirá libremente e logo comunicarlle o acordo ao xulgado de primeira instancia do partido.

Publícase isto para coñecemento xeral.

Taboada, 28 de maio de 2021.- O alcalde-presidente, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1595

**O VICEDO***Anuncio***EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

Por resolución da Alcaldía de 18 de maio de 2021, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de abril de 2021 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde - Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento;

de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 18 de maio do 2021.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1596

## XERMADE

### *Anuncio*

#### **Exposición pública conta xeral 2020**

Formulada e rendida a conta xeral correspondente ao exercicio de 2020 e informada pola Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 28 de maio de 2021, exponse ao público, cos documentos que a xustifican, na Secretaría desta entidade polo espazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que se estimen pertinentes, durante dito prazo de exposición e os oito seguintes días, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985 de 2 de abril e o 212.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Xermade, 28 de maio de 2021.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1597

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - LUGO

#### *Anuncio*

**ESTRATO DO ACORDO Nº 13/302 DA XUNTA DE GOBERNO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DO 21/05/2021 POLO QUE SE APROBAN AS BASES POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A FAMILIAS CON ESCASOS RECURSOS PARA A ADQUISIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL EDUCATIVO NO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA O CURSO ESCOLAR 2021-2022**

BDNS (Identif.): 566166

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/566166>)

1º.- Obxecto e finalidade da subvención.

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo (fichas, estoxos, mochilas e material de papelería) para educación infantil, para alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos.

2º.- Contía que se vai subvencionar.

O importe inicial destinado a estas axudas ascende inicialmente a 40.000€.

A contía individual das axudas será de 100€, consistente nun vale desconto para trocar nas librerías do Concello de Lugo. A convocatoria financiarase con cargo á partida 32600.48100 do vixente presuposto do Concello de Lugo.

A orde de preferencia para a adxudicación das axudas será: Aquelas alumnas e aqueles alumnos cuxa renda familiar anual non supere o 0,80 veces o IPREM, establecéndose como único criterio de baremo a contía da renda de menor a maior.

3º.- Persoas beneficiarias.

As axudas poderán ser solicitadas polas familias do alumnado que reúna os seguintes requisitos:

3.1. A/o solicitante deberá estar empadroada/o no concello de Lugo. Esta situación comprobarase automaticamente a través dos datos obrantes no padrón de habitantes desta Administración.



3.2. Ter presentada a solicitude de reserva de praza ou solicitude de admisión para un posto escolar nun centro sostido con fondos públicos no Concello de Lugo.

3.3. Non gozar doutras axudas, bolsas ou subvencións de igual ou semellante finalidade outorgada por organismos ou institucións públicas ou privadas, sendo polo tanto estas axudas incompatibles con calquera outra axuda.

3.4. A renda familiar para os efectos de bolsa obterase por agregación das rendas do último exercicio fiscal de cada un dos membros da unidade familiar por ingresos de calquera natureza. Os datos económicos para ter en conta nas rendas familiares para determinar os ingresos serán os calculados por agregación da base impositiva xeral, coa base impositiva do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para o cálculo da renda familiar para os efectos de bolsa, son membros computables na unidade familiar da ou do solicitante segundo o establecido pola lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio.

3.5. Serán concesións directas:

- As/os menores en réxime de acollemento e tutela.

- Calquera outra situación excepcional, acreditada por servizos sociais da xunta ou do concello, que impida a valoración da renda.

4º.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes das persoas interesadas presentaranse preferiblemente, por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica do Concello de Lugo, <https://lugo.gal>. Opcionalmente, poderán ser presentadas solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no Boletín Oficial da Provincia e da súa inserción no Taboleiro de Anuncios do Concello ([lugo.gal/portal/tablonanuncios](https://lugo.gal/portal/tablonanuncios)), acompañada dos documentos e informacións que procedan.

5º.- Procedemento.

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal de Subvencións.

6º.- Criterios de valoración.

O único criterio de valoración será a contía da renda neta anual familiar referida ao IPREM, (ver punto 3.2).

7º.- Xustificación do gasto.

Na resolución de concesión da subvención, estableceranse as datas de entrega dos vales, así como o período para empregalos por parte das/ beneficiarias/os e os prazos para que as librerías presenten as facturas.

O Servizo de Educación presentará unha Memoria explicativa da realización da totalidade do proxecto ou actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expresa mención dos resultados obtidos e coas indicacións, contidos e documentos que se determinen nos acordos reguladores da convocatoria ou na concesión da subvención.

As librerías onde se merque o material escolar presentarán por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica do Concello de Lugo, <https://lugo.gal>. a seguinte documentación:

- Copia da factura detallando o material ou libros mercadas, con indicación do curso ao que fai referencia, así como o nome e os datos da persoa beneficiaria. No caso que a persoa beneficiaria teña concedida máis dunha axuda poderase presentar factura única.

- Copia dos vales emitidos pola Concellería de Educación, indicando o nome, apelidos, firma e DNI da persoa solicitante. Os orixinais dos vales facturados deberán ser custodiados durante un ano, pois poden ser requiridos polo Concello ás librerías ao logo da tramitación deste procedemento.

8º.- Revogación

A adxudicación das axudas será revogada totalmente no caso de que se comprobese que na súa concesión concorreu ocultación ou falsidade de datos, ou que existen incompatibilidades con outros beneficiarios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

Lugo, 25 de maio de 2021.-O Concelleiro Delegado da Concellería de Educación e difusión do coñecemento, Felipe Rivas Jorge.

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**A/27/35939**

Luis Santiago Díaz Vázquez, con D.N.I.\*\*\*4057\*\*, solicita autorización para efectuar talas de frondosas autóctonas en la zona de policía, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTE: Rego de Veiga

MARGEN / RIBERA: izquierda

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A TALAR: 4 robles, 250 abedules, 23sauces y 12 alisos

LUGAR: Parcela 312 del polígono 160

PARROQUIA: Nete (San Cosme)

TÉRMINO MUNICIPAL: Vilalba

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 27 de mayo de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1598

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**A/27/30868**

José Fernández López, con D.N.I. 76564958M, solicita autorización para la tala de árboles que afectan al dominio público hidráulico y a la zona de policía, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTE: Río Sarria

MARGEN / RIBERA: derecha

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A TALAR: 9 alisos y 4 chopos

LUGAR: Parcela 550 del polígono 14

PARROQUIA: A Veiga (Santiago)

TÉRMINO MUNICIPAL: Láncara

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 28 de mayo de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1599